



Comunicación pública de Causa Galiza ao movemento nacionalista

O independentismo abandona o Novo Proxecto Común (NPC)

Desde o momento cero no que se produciu a escisión de Encontro Irmandiño do BNG o 12 de febreiro, a iniciativa popular pola autodeterminación Causa Galiza aceptou publicamente o convite lanzado por Xosé Manuel Beiras para construír unha fronte ampla “baixo parámetros nacionalistas e de esquerdas”, que superase a vella estratexia autonomista, abeirase os vicios, esquizofrenias e métodos antidemocráticos tradicionalmente asociados á política nacionalista e se erguese democraticamente desde as bases implicadas na súa construción.

Esta aceptación do convite público de Xosé Manuel Beiras non estivo exenta de incertezas e dúbidas, pero, desde o primeiro momento, Causa Galiza quixo apartar os prexuízos e a experiencia historicamente acumulada para explorar a posibilidade anunciada, con xenerosidade e co compromiso da nosa militancia, porque éramos e somos conscientes, por riba de intereses minifundistas e partidarios, da necesidade dunha ampla acumulación de forzas soberanistas e independentistas de esquerdas para facer fronte á gravísima situación que se albisca para a maioría social galega e para a nación nos próximos tempos.

O proceso iniciado en febreiro saldouse con aspectos positivos e negativos. Agora, coa experiencia de cinco meses de traballo desde dentro do proceso constituinte, queremos sinalar uns e outros para facer o balance definitivo.

Entre os primeiros, destacamos a **caracterización formal do NPC como un proxecto independentista** nos textos que irán á Asemblea Nacional Constituinte do 14 de xullo. Esta caracterización nominal evidencia, cando menos, no papel, unha vontade política de superar tabúes e complexos historicamente enraizados no nacionalismo galego respecto á proposta independentista e o recoñecemento explícito dun precepto básico para facer política nacionalista en Galiza: **non existe vía institucional ou estatutaria que permita avanzar cara a soberanía política.** É necesario por tanto superar o actual marco xurídico-político imposto na *Transición* e definir a estratexia que o permita no novo ciclo histórico que se abre.

Respecto aos aspectos positivos da nosa participación no proceso, queremos destacar tamén **o contacto e alto nivel de sintonía política encontrado coa militancia de base do Encontro Irmandiño e con decenas de nacionalistas en distintas comarcas** do País, que evidenciaron unha vontade clara de superación de vellos esquemas autonomistas, un patriotismo libre de calquer dúbida e unha sincera vocación de fraternidade independentista.

Con todo, os aspectos negativos do proceso constituinte fixéronse tamén evidentes, son a causa das decisións que exporemos a continuación e evidencian o altísimo nivel de

contradición existente entre discurso e praxe real que atenaza aos dirixentes do Encontro Irmandiño, principal forza motora do NPC:

1º O curso do proceso evidenciou a vixencia baixo novos formatos dos piores vicios e prácticas que, curiosamente, se denunciaban ata o cansazo en declaracións mediáticas, reunións e documentos. O proceso constituinte do NPC estivo totalmente condicionado por urxencias eleitorais que imposibilitaron a serea reflexión estratéxica que esixe construír unha nova ferramenta política e unha nova estratexia neste País que estexa á altura das necesidades do noso Povo. Mostra desta contradición entre as necesidades obxectivas do proceso constituinte e as urxencias eleitorais de determinados dirixentes son uns textos constituintes inzados de contradicións, vaguidades, abstraccións e que, cando baixan á concreción, delatan a non asunción do horizonte soberanista recollido nos documentos.

2º O sanedrín irmandiño, que substanciamos nas persoas de Mario López Rico, Luís Eyre “Palleiro”, Antonio Araújo e Carlos Méixome, pilotou o proceso desde arriba en todo momento, argallando pactos na trastenda, evidenciando o abismo entre discursos “assemblearistas” e “horizontais” e a tradicional praxe dirixista, acelerando os ritmos en función de intereses de partido ou electoralistas e políticas de alianzas que non se formularon con sinceridade e transparencia, etc. Achamos lamentábel que o alto nivel de sintonía política percibido coas bases militantes do Encontro Irmandiño e con moit@s nacionalistas *sen carne* nas comarcas se frustrase polos intereses e necesidades políticas de **dirixentes que, unha vez máis, non están á altura do presente momento histórico.** O último episodio desta sucesión de acontecementos negativos é unha proposta de Coordinadora Nacional que o citado sanedrín elaborou *desde arriba*, sen nengunha garantía –nen sequer para debatela- e, ademáis, resultaba completamente sectaria. Esta proposta presentouse na comisión de listaxes no día 11 e supón a nosa exclusión práctica do proceso a pesar de apostarmos nel contra vento e maré desde o momento cero.

3º Equivocase este reducido sanedrín irmandiño se valora que poderá contar coa presenza lexitimadora do independentismo no NPC nestas condicións inaceptábeis. É máis: se por algo se caracteriza historicamente o noso humilde pero firme movemento é por terse curtido como proposta estratéxica á intemperie, á marxe de prebendas institucionais e partidistas, libre das dinámicas de carreirismo político que afectan aos partidos actuais, desde o traballo voluntario e militante e baixo a Espada de Damocles da represión pendendo permanentemente sobre a súa militancia. Nestas condicións, acreditar que Causa Galiza ía asumir posicións e alianzas inasumíbeis a cambio de postos, mercadeos e prebendas é síntoma dunha candidez propia de quen descoñece aos aliados con que traballa.

4º É significativo que o proceso constituinte iniciado en febreiro recusase resolver unha incógnita fundamental para a militancia do NPC, como é a posibilidade de que exista unha alianza electoral e, incluso, político-organizativa, entre o NPC e *Compromiso por Galicia*. Embarcar miles de persoas na xestación dun proxecto político novo cando se mantén unha ambigüidade calculada sobre un aspecto tan fulcral como este é, como mínimo, un **síntoma claro de ocultismo e fraude á militancia.** Despois de semanas de participarmos na xestación do NPC, Causa Galiza ten a certeza de que o sanedrín irmandiño ten en perspectiva esta alianza cos sectores máis dereitistas do chamado *quintanismo*: arribistas de última hora ao BNG que protagonizaron algúns dos episodios máis deleznábeis do bipartido PSOE-BNG, sectores oportunistas que constituiron nestas semanas partidos *express* coa perspectiva de participar en futuros repartos de poder e conseguir presenza institucional para os seus dirixentes, elementos empresariais que garanten o financiamento das futuras campañas eleitorais e axen como pontes que integrarán no futuro sectores escindidos do PP, etc. Obviamente, se esta é a política de alianzas eleitorais e/ou político-organizativas que ten en perspectiva o NPC, vulnerando a súa caracterización independentista formal, Causa Galiza non

ten espazo nese proxecto: **a entente NPC-CxG é, da nosa óptica, a antítese do proxecto amplo de liberación nacional e social que necesita Galiza**; somete, de novo, os obxectivos estratéxicos á táctica eleitoral e institucional e preanuncia a conformación de novos bipartidos ou tripartidos autonómicos para seguir a xestionar da man do PSOE unha administración autonómica impotente para defender os intereses da maioría social.

5º **Consideramos que é un profundo erro estratéxico a vía da moderación política e ideolóxica, do pacto institucional co PSOE para xestionar esta autonomía anémica e esgotada, dos acordos políticos e eleitorais á procura de gañar votos coa integración de sectores que aínda vexetan covardemente no autonomismo**, da retórica sobre os “movementos sociais” que á hora da verdade non se traduce en militancia cotiá e combativa, etc. Se este é o camiño que pretende andar o NPC, nun contexto de agudización e tensionamento das contradicións sociais, de aumento da represión que salpica cada vez a sectores sociais máis amplos, de pauperización da maioría social galega e de retorno á *España Una, Grande y Libre* previo baleirado do cativo poder de xestión da actual administración autonómica galega, **queremos deixar claro que este non é o camiño de Causa Galiza**. Reeditar un *BNG Bis* ou, incluso peor, unha *Coalición Galega Bis*, non é o proxecto que hoxe necesita Galiza nen a maioría social do País. Causa Galiza non se embarcará na construción dun proxecto que, polas características apuntadas, xa se anuncia falido desde o nacemento.

6º Así as cousas, **valoramos que o proxecto en xestión e a Asemblea Nacional Constituinte do 14 de xullo non contan coas mínimas garantías democráticas esixíbeis e perpetúan**, infelizmente, o emprego de nefastos métodos que tradicionalmente minan desde dentro as organizacións e proxectos nacionalistas galegos: ocultamento de datos, retirada de emendas sen consulta, non permitir o traballo das comisións acordando todo *desde arriba*, vocación de poder institucional á marxe de calquer criterio estratéxico, dirixismos, priorización dos intereses de “partido” sobre os da Patria, etc. Á vista deste conxunto de elementos reseñados, e despois de constatar o abismo existente entre os cánticos á democracia, á participación e á horizontalidade e a praxe concreta dos dirixentes do NPC, expresamos a nosa completa indisposición para reeditar procesos que se anuncian fracasados.

Resolucións adoptadas por Causa Galiza respecto ao Novo Proxecto Común e o Día da Patria

1ª Causa Galiza abandona por todas as razóns expostas o proceso constituinte do Novo Proxecto Común e sitúase á marxe da Asemblea Nacional Constituinte do 14 de xullo. Ademais, chama aos sectores de práctica soberanista e independentista real a desligarse do proceso en base ás razóns apuntadas. A nosa posición sociopolítica continúa inamobíbel á beira deses millares de mulleres e homes bons “que sofren longo unha historia contada noutra lingua” e padecen os efectos dunha sinistra combinatoria de capitalismo e dependencia.

2ª A frustración das expectativas depositadas inicialmente no proceso constituinte dun Novo Proxecto Común que superase a vella estratexia autonomista sitúanos, unha vez máis, con ilusións reforzadas, ante a necesidade de seguir acumulando forzas soberanistas e independentistas e **construir un amplo e plural proxecto político para a liberación nacional e social de Galiza**, un proxecto inmerso no día a día da mobilización social, de praxe realmente ruturista co existente e capaz de situar no centro da súa acción sociopolítica a reivindicación da soberanía política e económica para o noso país, como única alternativa real ante o actual escenario de pauperización masiva, represión social e españolaización que se encadra na grave crise sistémica agudizada pola dependencia que padecemos como nación.

3ª Mantendo en pé a proposta lanzada o pasado 9 de xuño para articular unha mobilización unitaria dos sectores soberanistas e independentistas, Causa Galiza chama a saír á rúa este

Día da Patria 2012, reivindicando sen ambigüidades o **dereito de autodeterminación de Galiza no camiño da independencia nacional e do socialismo**. Esta é, desde a nosa óptica, a única proposta estratéxica solvente que o nacionalismo galego pode presentar á maioría social galega neste contexto de crise, empobrecemento masivo, agudización das contradicións sociais e esgotamento definitivo do modelo autonómico.

Viva Galiza ceibe!

Denantes mortos que escravos
Na Terra, en 12 de xullo de 2012